

25N

ELIXE

FEMINISMO

**TODAS CONTRA
AS VIOLENCIAS
MACHISTAS**





25 DE NOVEMBRO

ACTIVIDADES PRIMARIA



De 3 a 6 anos

Lectura do conto “El Príncipe Ceniciento”

https://www.youtube.com/watch?v=suq_ONP_ObE

En asemblea expoñen as súas opinións ao respecto do conto:

Que é o que máis vos gustou?

Por que quería o príncipe ser forte e peludo?

Gustouche algunha vez parecerse a alguén?

Que é o que cambiarías do conto?

Ao rematar, podemos propoñerlles tamén facer un novo final.

De 6 a 9 anos

Propoñemos un reto de boas accións durante a semana previa ao 25N. Ao rematar a semana serán merecedorase merecedores da súa capa morada e o desfile pola escola. A capa farémola con papel Pinocho ou unha peza de tela morada que poderán decorar con lemas feministas e contra a violencia machista.

Os retos para previre acabar coa violencia nas aulas consistirán en:

- Patios seguros (sen violencia, nin grtos nin empurróns)
- Facemos a dinámica “*Como queres que te recorden?*” na que faremos un debate na clase e respondamos a esta pregunta de forma común entre todas e todos. Iremos anotando as aportacións do alumnado na pizarra.
- Cousas que nos fan enfadar. Tamén en asemblea expoñeremos as cousas que a cada unha de nos fannos enfadar.
- Cada día utilizaremos 5 minutos para facer algunha técnica de relaxación.

O último día elaborarán a súa capa morada. A idea é que realicen un desfile polo patio para demostrar que se gañaron a súa capa morada e explicar deste xeito, a actividade a toda a escola.

De 9 a 12 anos

Na clase visionamos o seguinte vídeo sobre micromachismos:

<https://youtu.be/WVRKdakhH6fw>

Unha vez visto abrimos un pequeno debate ao respecto facendo preguntas sobre o que ocorre no seu entorno (escola, familia, parque,...)

Nalgunha ocasión dixéronvos que non podedes xogar a algo por ser unha rapaza? E por ser un rapaz? Nalgunha ocasión tiráronvos do cabelo como unha broma? Que tipo de comentarios vos fan habitualmente sobre as vosas cualidades? Son diferentes para as rapazas e para os rapaces?

A continuación móstraselles o seguinte vídeo no que aparecen algunhas rapazas e rapaces falando sobre igualdade:

<https://youtu.be/APF2wBZizo4>

Despois de velo abriremos outro debate para valorar se as situacións vistas no vídeo anterior ou as vividas polo grupo e explicadas anteriormente son condutas machistas.

Para rematar concluiremos que *as nenas e os nenos son iguais e teñen os mesmos dereitos, poden facer todas e todos o mesmo e que o respecto mutuo é fundamental para a boa convivencia.*



25 DE NOVEMBRO

ACTIVIDADES SECUNDARIA



De 12 a 15 anos

Presentamos ao alumnado o título da canción Quiéreme bien de Macaco. Pedímoslles que en pequenos grupos comenten que lles suxire o título e saquen tres consellos do que para elas e eles sería querer ben a alguén. Expoñemos en gran grupo e anotámolo no encerado.

Unha vez feito isto, escoitaremos a canción:

<https://www.youtube.com/watch?v=qOGsDIA2Yew>

E analizamos a letra:

<https://www.letras.com/macaco/quiereme-bien-part-leiva/>

Coinciden os noso consellos co que recolle a letra de Macaco? Estamos de acordo en todo o que plantexa? Cambiaríamos algún dos nosos consellos?

Para finalizar, elaboramos un mural cos 10 consellos elixidos para ter unha relación afectivo-sexual sana, e dámoslle difusión no centro educativo para o resto do alumnado.

De 15 a 18 anos

Visionamos a curtametraxe *Au bout de la rue* (Ao final da rúa) no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=9W7EmM9Pg38&t=194s>

Trátase dunha curta francesa que mostra a desigualdade no uso do espazo público e a noite, o acoso, a tolerancia cara o acoso, ...

A proposta é que o alumnado realice unha campaña no centro para visibilizar a violencia estrutural que sufren as mulleres, a través de cartaces que conteñan lemas creativos e/ou imaxes, e así denunciar as actitudes machistas, discriminatorias e violentas contra as mulleres que tenden a normalizarse.

Persoas adultas

Visionamos o documental *Amores que matan: Reyes*, historia real dunha supervivente de violencia machista dentro do matrimonio no seguinte enlace:

https://www.telecinco.es/amoresqueduelen/programa-completo-hd_18_2743155090.html

Tras o visionado proporemos ao alumnado realizar o test: Estás sendo Mal- tratada?, facendo o exercicio de poñernos na pel da protagonista do documental para contestar ás preguntas.

Podemos atopar o test no enlace: <https://violenciagenero.igualdad.gob.es/informacionUtil/comoDetectarla/docs/MT-TEST-MALTRATO.pdf>

A continuación, propóñense as seguintes frases que expresan os pensamentos de Reyes:

"Doulle unha oportunidade", "Podo axudarlle a cambiar", "Síntome culpable"

Compartimos en gran grupo as razóns de Reyes para non deixar a relación e facemos un debate.
